

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 30 de marzo de 2017

Asistentes:

Arribas Álvarez, M.Carmen
Díaz Naya, Rosa M^a
Eguileta Franco, José M^a
Garrido Labrador, Begoña
Presedo Garazo, Antonio
Real López, Arturo
Reboreda Morillo, Susana
Uña Álvarez, Elena de
Vaquero Díaz, Beatriz

Desculpan a súa ausencia:

Comendador Rey, Beatriz
López Díaz, María (Ano
sabático)

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia do campus de Ourense, reúnense os membros da Comisión de Calidade, o xoves 30 de marzo de 2017, ás 17.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, desenvolvéndose a orde do día prevista pola convocatoria do 27 de febreiro de 2017:

- Lectura e aprobación da acta anterior (2 de marzo de 2017)
- Informe da Decana
- Debate e aprobación, se procede, do borrador de reforma dos cursos Moodle
- Planificación e preparación do proceso de certificación da calidade
- Valoración, revisión e posta ao día do estado do avance das accións do Plan de Melloras do centro
- Valoración e, se procede, revisión do Plan operativo de información pública (DO-0301 P1) e propostas de actualización
- Debate e, se procede, propostas sobre a idoneidade de formalizar indicadores propios de medición do centro (DE-02 P1 Seguimento e medición)
- Rolda de intervencións

1. Lectura e aprobación da acta anterior (2 de marzo de 2017)

Apróbase a acta por asentimento.

2. Informe da Decana

- Escusa a ausencia de María López (ano sabático) e Beatriz Comendador.
- A decana informa que Pablo Sánchez Ferro presentou a súa dimisión como membro da comisión de calidade por motivos persoais. Para substituílo e completar o sector dos representantes da sociedade se puxo en contacto coa Directora da Biblioteca Pública de Ourense, Rosa M^a Díaz Naya, quen aceptou vir a esta primeira xuntanza. A decana e todos os membros da comisión danlle á benvida.
- Comenta que hai varios temas que están pendentes da resolución da Xunta de Galicia. O día 6 de abril vai ter lugar unha xuntanza coa vicerreitora de Profesorado e a ver se se resolve algo. Estamos á espera de que nos digan se somos unha titulación singular, co que se acabarían moitos dos problemas. Estamos á espera de que nos contesten se cumprimos ou non co Plan de viabilidade, presentado xa a finais do ano pasado. Estamos tamén agardando polo visto bo ao Plan conxunto de estudos oficiais co Grao en Turismo y co Grao en Xeografía e Historia, que xa pasou as xuntas de ambos centros e o consello de goberno da UVigo. Aquí a decisión é sobre si nos permiten ofertar as 5 prazas que detraemos das nosas 45, que son o número mínimo posible. Por último estamos á espera do Informe da ACSUG á Renovación da acreditación do Grao en Xeografía e Historia.
- Informa a decana de que os sistemas para a gravación das clases xa están instalados na aula 2.1. Xa se comezaron a gravar as materias integradas no proxecto piloto: Arqueoloxía Aplicada de 2º e Arte Clásico de 1º.
- Informa que a Comisión Académica do Máster interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade acordou unha serie de modificacións no nome de algunhas materias, así como a oferta de tres novas materias optativas, que son: Arqueoloxía de Mesopotamia, Técnicas instrumentais e cronolóxicas en arqueoloxía e Necrópolis e restos humanos. Como a docencia de ningunha destas materias é por parte do profesorado da UVigo, non altera a PDA aprobada na nosa universidade pero si que ten que figurar un coordinador da UVigo para a xestión das calificacións, co que se propuxo que fora, coma nas outras materias nas mesmas circunstancias, a coordinadora do título para a UVigo.

- Comenta que a consecuencia de visita da Comisión de Acreditación, houbo unha reunión da decana e da coordinadora da titulación co alumnado semipresencial coa finalidade de coñecer directamente os problemas que dificultan a aplicación desa modalidade e buscar solucións. Nesta reunión se detectaron fallos na documentación subida á plataforma polo que se comprometeron a unificar a información, o que se detalla no seguinte punto.

3. Debate e validación, se procede, do borrador de reforma dos cursos Moodle

A decana cédelle a palabra a Beatriz Vaquero que comenta que a algún profesorado lle costaba moito facerse á idea das condicións do estudantado do grao semipresencial, hai que partir da base da circunstancia que teñen o dereito de non asistir ás clases e non verse perxudicados por elo. Por iso se establecen uns principios básicos da semipresencialidade. Todas as materias deben estar abertas dende o principio do curso. Se establecen distintas ferramentas como presentacións en power point, gravacións e-Meeting de clases, pílulas ou establecer tutorías virtuais para que o alumnado semipresencial teña acceso a todos os contidos aos que ten acceso o presencial. Hai que reflectir, dende o principio o temario, as tarefas a desenvolver e as probas tanto finais como parciais para que se poidan planificar. Tamén hai que especificar os contidos que entran nas probas, as actividades que hai que facer e o que puntúa cada unha delas. Comenta que é moi recomendable subirlles un modelo de exame. É importante ter un cronograma da materia que inclúa co maior detalle posible o desenvolvemento do curso: probas, exames, etc. e especificar, se hai diferenza, entre ambas modalidades. Na medida do posible, é interesante subir as tarefas debidamente feitas para que o alumnado se poida autocorrexir. Comenta a coordinadora do Grao que os cuestionarios, aínda que ao principio sexan un pouco complicados de facer, resulta moi útil ao alumnado para estudar a materia e o profesorado tamén pode ver quen entra e como contesta e lle pode servir como elemento para puntuar a participación activa na materia. Outro tema que quere destacar é que se concrete o máis posible a bibliografía específica en relación ao temario. Xunto a bibliografía xenérica debe incluírse a específica.

Valídase o borrador de reforma dos cursos Moodle.

4. Planificación e preparación do proceso de certificación da calidade

A decana comenta que xa se está traballando no proceso da certificación. Os avaliadores comprobarán a implantación da calidade en todos os títulos do centro. Partimos dun aspecto positivo, xa que no informe oral da acreditación marcaron como un punto forte a aplicación do SGIC no centro e non apuntaron ningunha debilidade. Agarda que este criterio sexa ben valorado no informe escrito.

Tanto ela como o colaborador na área de Calidade están revisando a plataforma de calidade para comprobar se toda a documentación está subida, e completar aquelas deficiencias, unificando a presentación dos documentos. Outra acción que está desenvolvendo a secretaria do equipo decanal é a realización dun timeline no

que se poidan visualizar dun xeito rápido e claro todas as accións de calidade realizadas polo centro. Para a súa elaboración é preciso revisar todas as actas da comisión de calidade e da xunta de facultade. Se observan dous aspectos: o incremento progresivo das accións, e que tamén progresivamente vaise ampliando a actividade da Comisión e os temas que nela se tratan.

Dende a Área de Calidade nos subministraron unha síntese de cuestións formuladas polas comisións avaliadoras noutros centros e un programa dunha visita. A decana describe as actividades relativas a esta comisión e os membros fan diversos comentarios ao respecto. Para que se poida coñecer e analizar con máis detalle vaise enviar aos membros da Comisión. Así mesmo se confirma que haberá máis xuntanzas nas que iremos preparando diversos aspectos da visita, como a presentación inicial que se lle vai facer á comisión avaliadora.

Informa a decana de que no mes de abril se vai incorporar unha bolseira para axudarnos coas accións de calidade do centro.

5. Valoración, revisión e posta ao día do estado do avance das accións do Plan de Melloras do centro

Cada ano se establecen no Informe de Seguimento dos títulos e, este ano, na renovación da acreditación, unha serie de debilidades e as correspondentes accións de mellora para corraxilos. De forma periódica estes plans son revisados e actualizados no marco das accións da calidade. A decana vai expor o estado destas accións de mellora, realizando unha síntese das que están pechadas e das aínda en proceso. Respecto a estas últimas solicita aos membros da comisión a súa opinión para mantelas ou pechalas.

- Participación nas enquisas de satisfacción: propón poñerlle un teito, despois dun breve debate acórdase poñer ao PDI un 80% de cumprimento e ao estudantado un 50%
- Efectividade da Comisión de Calidade: propón que se peche a acción de mellora, xa que o seu funcionamento é correcto, como se desprende do informe oral emitido pola comisión avaliadora do grao en Xeografía e Historia. Acéptase a proposta.
- Implicación do PDI, PAS e estudantado na calidade: propón que se peche a acción de mellora, xa que o seu funcionamento é correcto, como se desprende do informe oral emitido pola comisión avaliadora do grao en Xeografía e Historia. Acéptase a proposta.
- Ampliación convenios prácticas: propón que se peche, porque aínda que se consigam máis convenios, hai unha oferta considerable de institucións e empresas para facer prácticas. Acéptase a proposta.
- Melloras nas aulas (enchufes e acondicionamento de asentos): aínda non se pode pechar, xa que o primeiro só se fixo nun aula e o segundo en dúas. Esta acción depende da vicerreitoría do campus e o equipo decanal solo pode mediar para que se execute.

- Actualización equipos informáticos: aínda non se pode pechar, na aula de informática aínda queda algún equipo bastante obsoleto.
- Campaña de difusión: propón que se peche, xa que en ambas modalidades está moi asentada, aínda que seguimos traballando e mellorando con ambas empresas. Acéptase a proposta.
- Melloras na plataforma de teledocencia: aínda non se pode pechar, estanse a implementar as melloras.

6. Valoración e, se procede, revisión do Plan operativo de información pública (DO-0301 P1) e propostas de actualización

Despois dun breve debate, chégase á conclusión de que este procedemento non ten problemas, tal e como a comisión de acreditación do grao emitiu no informe oral, un dos puntos fortes do centro e a correcta información e actualización da nosa web. Apróbase a renovación sen cambios.

7. Debate e, se procede, propostas sobre a idoneidade de formalizar indicadores propios de medición do centro (DE-02 P1)

Para poder saber a opinión do alumnado a universidade establece dous procedementos: as enquisas de avaliación docente e as enquisas de satisfacción. Acórdase que estes indicadores son suficientes polo que non se precisa formalizar ningún máis.

8. Rolda de intervencións

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 18.00 horas, e de todo dou fe como secretaria

A decana

Susana Reboreda Morillo

A secretaria

MCarmen Arribas Álvarez